

CANGAS 2

Onde o mar non chega a ser adulto e nace un colo
grande de vida para soñarmos sempre océano
aquí é o Reboredo, o Romarigho, as Andias, Coiro:
val en bailador de río cando pasa en muiños
que son do setestrelo.

E medran os luares e amencidas nesa canle
da memoria. E abrochan os camiños do *boubou*,
o río inmenso de cadaquen de nós que o sabe
compartir en terrapán que coce o forno antigo
da nai que aluma, amasa

e pon a mesa coma unha alta ara no solar
que solla todo en luces na voz do cacarexo
que se coida primixenio, rei do muiño en auga,
esa marabilla do adentro que alguén recicla
en música de noso.

E somos así dos universos da ledicia
ata o confín de Cabo Home, Cíes, Soavela...
onde vos soño amigas e amigos na almofía
amorosiña das augas e das flores cando
o sol se chame abril e nunca inverno

xosé vázquez pintor
21 de maio 2010